

## ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DE NAIS, PAIS E TITORAS OU TITORES LEGAIS AO CONSELLO ESCOLAR

### CONVOCATORIA

De acordo coa resolución do 10 de setembro de 2024, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos; a Xunta Electoral deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR FAMILIAS**, segundo as seguintes normas:

- 1.- Conforme ao establecido no artigo 41 do Decreto 374/1996, do 17 de outubro, redactado segundo ao establecido na disposición adicional terceira do decreto 7/99, do 7 xaneiro, corresponde elixir no presente proceso electoral a **3 nais, pais, titoras ou titores legais**, dun total de 5 que debe ter o Consello Escolar. Os outros 2 representantes continúan como consecuencia da súa elección no ano 2022.
- 2.- Son electores todas as nais, pais, titoras ou titores legais do alumnado matriculado no centro e incluídos no Censo correspondente e que a partir do **30 de outubro** está exposto no taboleiro de anuncios. As reclamacións ao referido Censo realizaranse mediante escrito razoado dirixido a Xunta Electoral, **ata as 14:00 horas do día 6 de novembro**.
- 3.- Son elixibles as nais, pais, titoras ou titores legais, que formulen a súa candidatura oficial segundo o modelo que se facilitará na secretaría do centro. As candidaturas poderán ser presentadas ata as 14:00 horas do día 8 de novembro.
- 4.- O sorteo dos membros da mesa electoral realizarase en acto público, entre as nais, pais, titores ou titoras legais, que non se presenten como candidatas ou candidatos, **o día 11 de novembro, ás 12:30 horas**. Dita mesa electoral estará composta pola directora do centro, que actuará como presidenta, e 4 nais, pais, titoras ou titores legais, actuando como secretaria ou secretario o de menor idade.
- 5.- A campaña electoral comprenderá dende o día **12 ao 17 de novembro**, ambos inclusive. As dependencias e servizos do centro estarán a disposición das candidatas ou candidatos, previa petición a presidenta da Xunta Electoral, sempre que o seu uso non altere o normal funcionamento do centro.

- 6.- Poderán actuar como supervisoras ou supervisores da votación as nais, pais, titoras ou titores legais do alumnado matriculado no centro que sexan propostos pola ANPA ou, no seu defecto, que estean avalados cando menos pola firma de 10 electores.
- 7.- As votacións realizaranse no centro o día **19 de novembro, de 16:00 a 18:00**. Sendo constituída a mesa electoral ese mesmo día ás **15:45 horas**.
- 8.- Na papeleta de votación cada electora ou elector fará constar un máximo de **1 nome** das candidaturas presentadas, debendo acreditar a súa personalidade a hora de votar, mediante exhibición do D.N.I ou documento similar. O voto será directo, secreto e non delegable e non se admitirá o voto por correo.
- 9.- Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para o seu envío a Xunta Electoral do Centro.
- 10.- A Xunta Electoral de Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Fene, 30 de outubro de 2024  
A presidenta da Xunta Electoral  
Andrea Fernández López

Asdo: \_\_\_\_\_